

BASES SORTEO DE EXPERIENCIAS DE LECER SAUDABLE DA ACCIÓN “COIDA DE TI, COIDA DO TEU”.

1. A Concellaría de Xustiza Social e Coidados do Concello da Coruña, organiza un sorteo de experiencias de lecer saudable entre as persoas que participen nas actividades incluídas na acción “Coida de ti, coida do teu”: Intervención preventiva e medioambiental coa mocidade en medio aberto.
2. “Coida de ti, coida do teu” é unha acción preventiva e de sensibilización que se levará a cabo nos Xardíns de Méndez Núñez, os xoves e sábados dos meses de novembro e decembro en horario de 23:00h a 3:00h. Durante as diferentes sesións desta acción, ademais das actividades preventivas a realizar, repartiranse bolsas de lixo entre as persoas que se atopen no lugar durante as horas de máis concorrencia na zona.

Todas as persoas que retornen unha bolsa de lixo con residuos no punto de recollida que se instalará a tal efecto, recibirán un boleto numerado co que poderán participar no sorteo dunha experiencia de lecer saudable.

3. Cada semana seguinte á actividade, levaráse a cabo un sorteo público para rifar as experiencias de lecer entre os boletos repartidos o xoves e sábado anterior, no salón de actos do Centro Cívico dos Rosales os luns ás 16:15 horas, no caso de ter que realizar algunha modificación das datas do sorteo comunicarse no punto de referencia sito no Xardín de Méndez Núñez nos días anteriores.
4. Os sorteos realizaranse, sempre e cando se leve a cabo a acción o xoves e sábado anterior.
5. Durante cada sorteo extraerase dunha urna un único número de entre todos os boletos repartidos, o xoves e sábado anteriores, na actividade de “Coida de ti, Coida do teu”, que será o que resulte premiado. Este número farase público o día seguinte ao sorteo na web municipal www.coruna.gal/serviciosociales/es
6. A persoa portadora dun boleto co número premiado, deberá poñerse en contacto coa Concellaría de Xustiza Social e Coidados do Concello da Coruña a través do número de **teléfono 981184374 en horario de 8:30 a 14:30 horas, antes do 28 de decembro de 2018**. O prazo para trocar os boletos premiados finalizará o día 28 de decembro de 2018, a partir desa data todos os boletos con números premiados perderán a súa validez.
7. No caso de que unha persoa menor de idade resulte gañadora, deberá de presentarse a recoller o seu premio acompañado/a pola súa nai, pai ou titor/a responsable.
8. Ás persoas que estean en posesión dun boleto agraciado faráselles entrega dun vale para desfrutar dunha destas tres experiencias de ocio, debendo escoller só unha delas:
 - a. Sesión de Room-Escape, para a persoa portadora do boleto premiado máis tres acompañantes.
 - b. Sesión de Karting, para a persoa portadora do boleto premiado máis tres acompañantes.
 - c. Sesión de Paintball, para a persoa portadora do boleto premiado máis tres acompañantes.

9. Os premios serán entregados ás persoas agraciadas na forma e no lugar que a Concellaría de Xustiza Social e Coidados do Concello da Coruña estime oportuno para tal evento.
10. Co fin de cumprir co artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, infórmase que os datos proporcionados formarán parte dun ficheiro, do cal será responsable o Concello da Coruña, coa finalidade da xestión do concurso de experiencias de lecer saudable da acción “Coida de ti, coida do teu”
11. A aceptación do premio por parte das persoas agraciadas supón a súa autorización (no caso de ser maior de idade), ou a dos seus titores (no caso de ser menor de idade) á Concellaría de Xustiza Social e Coidados do Concello da Coruña para poder reproducir o seu nome, apelidos e/ou imaxe en medios de difusión (prensa, web municipal...) exclusivamente a efectos da divulgación do premio.
12. Os premios non poderán ser substituídos por ningún outro premio equivalente nin polo seu contravalor en metálico.
13. A persoa premiada poderá renunciar ao premio pero non poderá cederllo a unha terceira persoa.
14. A participación nesta actividade supón a aceptación por parte das persoas participantes das presentes bases, e do criterio da Concellaría de Xustiza Social e Coidados do Concello da Coruña en canto á resolución de posibles incidencias relacionadas coa mesma.